



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Area Carracedo, Iván  
Cabeza Pereiro, M<sup>a</sup> Carmen  
Cidrás Pídre, José  
Fernández Puypeiro, Ana  
Gago Rodríguez, Alberto  
Gálvez Gálvez, Juan Francisco  
García Mateo, M<sup>a</sup> Del Carmen  
García Pino, Antonio  
González Piliado, Esther M<sup>a</sup>  
Hernández Sanchez, Jesus  
Membrela Iglesias, Pedro  
Montero Muñoz, María  
Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel  
Vázquez Otero, María Elsa  
DECANOS/DIRECTORES  
Alonso, Bacigalupe, Luis  
Arias Sánchez, Pedro  
Garrido Valenzuela, Irene  
González Piñeiro, Luis  
Iglesias Antelo, Beatriz  
López Diaz, María  
Lorenzo Suarez, Anxo M.  
Mejuto Fernandez, Juan Carlos  
Muñoz López, Luis  
Ortiz Torres, Luis  
Pereira Dominguez, Alejandro  
Pousada Carballo, José Maria  
Suárez Pazos, Mercedes  
Vidal Vazquez, Ricardo  
Vivas Martinez, Carlos  
PDI-A  
Blanco Pesqueira, Antonia  
Dominguez Martin, Jorge  
Garriga Dominguez, Ana  
González Vázquez, Encarnación  
Legido Soto, José Luis  
Ramos Cabrer, Manuel  
Rodriguez Berrocal, Francisco Javier  
PDI-B  
Diéguez Castrillón, M<sup>a</sup> Isabel  
ESTUDANTES:  
Álvarez Pereira, Cannen Susana  
Puga Alonso, Javier  
Riobó Fernández, Aida  
Varela Martinez, Iago  
PAS:  
Bernal Gómez, Rosa  
Cebro Rodríguez, Anxo M.  
CONSELLO SOCIAL  
López Atrio, María Laura  
Pérez Mato, Federico

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Martinez Ínsua, Ana Eitua  
Mollinedo Lois, Carlos

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 20 de abril de dous mil nove, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría

O luns, día 20 de abril de 2009, ás 10:00 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 10 de marzo de 2009.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da Normativa de permisos e licenzas.
4. Aprobación, se procede, de prazas a prover mediante concurso de acceso entre acreditados.
5. Aprobación, se procede, do encargo de docencia para o curso 2009-10.
6. Aprobación, se procede, do calendario académico do curso 2009-10.
7. Aprobación, se procede, do encargo da preparación de propostas de títulos de grao para a súa implantación no curso académico 2010-11.
8. Aprobación, se procede do calendario de tramitación de propostas de grao para a súa implantación no curso 2010-11.
9. Delegación, se procede, na vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea da aprobación dos informes de alegacións e modificacións das memorias en resposta ás propostas de informe de título (de grao e mestrado) remitidas pola ANECA.
10. Aprobación, se procede, da Normativa de recoñecemento de créditos por actividades en titulacións oficiais de grao.
11. Modificación, se procede, da Normativa de libre elección.
12. Designación, se procede, do delegado da Universidade de Vigo no Centro Universitario da Defensa.

13. Designación, se procede, de representante no Consello Reitor da Escola Galega de Administración Pública.
14. Aprobación, se procede, da Convocatoria de axudas de investigación 2009.
15. Aprobación, se procede, da Convocatoria de prazas e bolsas de aloxamento para o curso 2009-10.
16. Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento como Doutor Honoris Causa de D. Takeshi Yasumoto.
17. Aprobación, se procede da modificación da Relación de Postos de Traballo do persoal de administración e servizos laboral e funcionario da Universidade de Vigo.
18. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Protocolo de actuación coas Universidades Autónoma de Madrid, Cantabria, Complutense de Madrid, Estremadura, Granada, Les Iles Balears, Jaume I de Castellón, Murcia, Oviedo, País Vasco, Sevilla e Valencia para levar a cabo conxuntamente a organización e desenvolvemento das ensinanzas conducentes ao título oficial de doutoramento en química teórica e modelización computacional – Convenio marco de colaboración coa Universidade de Montevideo – Convenio marco de colaboración coa Universidade Gastón Dachary – Convenio coas Universidades de Huelva, Estremadura, Algarve, Évora, Beira Interior e Trás-os-Montes e Alto Douro, relativo ao círculo ibérico de economía empresarial (CIBECM) – Addenda ao convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Innovación e Industria, a Consellería de Cultura e Deporte, a Secretaría Xeral de Comunicación, a Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a renovación do convenio de creación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.
19. Elección para cubrir unha praza vacante do sector de estudantes na Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado.
20. Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de investigación (1 profesor) e Comisión de planificación e asuntos económicos (1 profesor e 1 membro do Consello Social).
21. Rogos e preguntas.

**Punto 1.** Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 10 de marzo de 2009.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.** Informe do reitor.

Da o reitor a benvida aos novos membros do Consello de Goberno, os profesores Alonso Bacigalupe e Arias Sánchez e a profesora López Díaz.

Seguidamente, informa dos seguintes puntos:

En primeiro lugar, da situación na que se atopa a adaptación de títulos oficiais ao EEES. Como comproba pola orde do día deste Consello de Goberno, a implantación dos 24 títulos de grao prevista para o curso 2009-2010, así como a elaboración dos plans de estudo

da última fase do proceso (fundamentalmente os plans de estudo da enxeñaría), seguen o calendario previsto, con moito traballo nos centros e nas vicerreitorías correspondentes, pero sen incidencias destacables.

En todo caso, os principais problemas existentes derivan do atasco producido na ANECA a efectos de verificación dos novos plans. Para aliviar este atasco, a ANECA chegou xa a acordos de colaboración con algunhas Axencias Autonómicas de Calidade, a ACSUG entre elas. Como consecuencia, seguindo os mesmos protocolos, a ACSUG farase cargo da verificación das propostas de títulos do SUG que non foron aínda avaliados pola ANECA (segundo información da ACSUG, isto supón que vai encargarse da avaliación de 13 títulos de grao e 2 de mestrado da Universidade de Vigo), o que permitirá acelerar o proceso (previsiblemente, terase o informe provisional a mediados de maio) para todos os plans pendentes de trámite que deben comezar a implantación en setembro de 2009. A ACSUG publicou xa na súa web a composición das Comisións de Avaliación que van actuar nestes casos.

En segundo lugar, con respecto ao doutoramento informa que en forma e prazo enviáronse ao Consejo de Universidades as solicitudes de verificación de programas de doutoramento para a súa implantación no curso 2009-2010. As solicitudes foron aprobadas na sesión da Comisión de Estudos de Posgrao do 27 de marzo e están dispoñibles na páxina web da Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea. A modo de resumo, presentáronse 38, dos cales 26 son propios e 12 interuniversitarios. Dos interuniversitarios, 4 son coordinados pola Universidade de Vigo, 6 pola USC e 2 por outras universidades de fóra do SUG.

En terceiro lugar, informa de diversas contratacións e nomeamentos:

a). Dentro do organigrama de Xerencia informa da creación da Vicexerencia de Planificación e I+D, que pasa a ocupar D. Alberto Baz, ata o momento Vicexerente de Economía e Planificación da Universidade de Vigo.

b). Dentro da estrutura das Vicerreitorías informa:

- Do cese de D. Lorenzo Pastrana como Director do CITI de Ourense e do nomeamento para este cargo de D. Florentino Fernández Riberola, profesor contratado doutor adscrito á E.T.S. de Enxeñaría Informática de Ourense.

- E do cese de D. Ángel Rodríguez de Lera como Director da Área de I+D e o nomeamento de D. Lorenzo Pastrana para ocupar esta Dirección de Área, que pasa a denominarse “Area de Programas de Transferencia”.

Debido a ausencia temporal do vicerreitor de Organización Académica e Profesorado pásase a tratar o punto 6 da orde do día, para tratar con posterioridade os puntos 3, 4 e 5.

**Punto 6.** Aprobación, se procede, do calendario académico do curso 2009-10.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se presentan dúas propostas de calendario: unha para as titulacións de grao e posgrao e outra para as titulacións que se extinguen.

No que respecta á proposta de calendario para as titulacións de grao e posgrao, se aplicará necesariamente a todas as titulacións de grao e posgrao. Esta proposta segue a liña xa iniciada o curso pasado coa titulación de belas artes e a súa característica mais salientable é que o curso académico remata o 30 de xullo e polo tanto as probas de avaliación da antiga convocatoria de setembro, se celebran en xullo. Este calendario está consensuado coas universidades de Santiago e Coruña.

Na proposta presentada non se reflicte a convocatoria de fin de carreira e haberá que ter en conta que as datas para a realización de exames de fin de carreira será entre os días 14 e 19 de decembro, sen que se suspendan as clases.

En canto á proposta de calendario das titulacións a extinguir, segue a mesma liña que os anos anteriores pero cun intento de rematar o curso o antes posible en setembro para ir intentando que o inicio do mesmo se adiante nos próximos cursos.

En todo caso, aqueles centros que impartan unha titulación de grao e tamén unha titulación a extinguir ou so unha a extinguir, poderán aplicar a todas elas o calendario de grao e posgrao, sempre que así o acorde a súa xunta de centro e o comunique á Secretaría Xeral antes do 15 de xuño de 2009.

Neste caso, debe terse en conta que no que respecta á actual convocatoria de decembro, se permitirá aos centros optar entre celebrala entre os días 14 e 19 de decembro, debendo decidir o propio centro se suspende ou non as clases; ou nas datas de exames do 1º e do 2º cuadrimestre. É dicir, configurar todas as convocatorias de exames como de carácter universal, podendo os alumnos presentarse tanto na data prevista para o primeiro cuadrimestre como para o segundo. (as dúas convocatorias a que teñen dereito os alumnos poderán utilizarse en febreiro, xuño ou xullo).

Ábrese unha quenda de intervencións:

Intervén o Sr. Puga quen roga que se fale cos servizos de transporte público para que dean o correspondente servizo os sábados e deste xeito se permita aos estudantes á asistencia aos exames os sábados.

O Sr. Varela pregunta por qué se lles deixa aos centros a posibilidade de elixir as datas de exame de decembro e se as clases se van suspender ou non.

O Prof. González Piñeiro pon de manifesto os problemas de aulas, sobre todo en decembro, polas peticións de CIUG para celebrar no seu centro os exames de selectividade.

O Prof. Legido sinala que novamente se presentan dous calendarios e propón un calendario único para toda a universidade.

O Prof. Muñoz expón que a estrutura dos calendarios de grao e titulacións que se extinguen é a mesma, e nos dous casos se prevén datas para exames finais. Entende que con avaliación continua non será necesario cortar clases para exames.

A secretaria xeral contesta, en relación á intervención do Prof. Legido, que efectivamente o obxectivo é ter un único calendario académico para toda a universidade, pero neste momento estamos nunha etapa de transición con dous sistemas en marcha e iso fai necesaria a coexistencia de dous calendarios.

No relativo á pregunta do Sr. Varela, sinala que, tendo en conta a coexistencia dos dous calendarios, se trata de deixar aos centros que adopten a mellor solución sobre a suspensión das clases en setembro tendo en conta que son eles os responsables da implantación das titulacións.

A vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea sinala que se está a implementar o novo sistema de avaliación e neste momento se considera prudente reservar uns días para completar a avaliación. Entende que debería eliminarse do noso vocabulario o termo 'exames' e canto agora haberá que falar de probas de avaliación que non van ter que facer todos os alumnos e alumnas.

O reitor considera que a proposta presentada é unha solución flexible para que cada centro busque a mellor solución para a súa situación actual.

O Sr. Varela sinala que debería terse consultado cos alumnos unha proposta de tanto calado como é esta proposta de calendario.

Procédese á votación da proposta de calendarios:

- Votos a favor da proposta presentada: 25.
- Votos en contra: 2.
- Abstencións: 7.

Apróbase por maioría.

**Punto 7.** Aprobación, se procede, do encargo da preparación de propostas de títulos de grao para a súa implantación no curso académico 2010-11.

Cédese a palabra á vicerreitora da Titulacións e Convergencia Europea quen sinala que de acordo coas directrices de grao e as normas do Consello Galego de Universidades, e tendo en conta que as titulacións que quedan sen modificar son as do ámbito de enxeñarías e a licenciatura de física, debe procederse ao inicio dos trámites para as transformacións desas titulacións. Expón que as comisións de ámbito tecnolóxico e científico foron reunidas e fixeron unha proposta ao equipo de goberno que consta no documento que se aporta como **anexo I**.

Seguidamente procede á exposición do contido concreto do documento, indicando que na columna dos títulos, estes son provisorios debido ás dúbidas existentes.

Ábrese unha quenda de intervencións.

O Prof. Legido entende que na proposta presentada non se pode deixar de forma tan ambigua a denominación dos títulos, posto que se inicia o procedemento sen deixarse claro cal é o título, ao deixarse aberto, o que permitiría aprobar calquera título. Cree que é máis axeitado que o Consello de Goberno determine o título que se vai impartir e despois empezar a traballar. Adianta o seu voto en contra.

O Prof. González Piñeiro fala en sentido contrario ao exposto polo Prof. Legido en canto neste momento no se sabe cales son os títulos que se van implantar. Se pide que incluso a xunta de titulación das titulacións de enxeñaría industrial debata todo o que existe agora e no futuro e que non se restrinxan aos 6 que se recollen no documento.

O Prof. Muñoz non entende que existan títulos con atribucións profesionais e sen atribucións. Debátese sobre o tema co reitor e a vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea.

A Prof<sup>a</sup>. de Lorenzo, directora da Escola de Enxeñeiros de Telecomunicación manifesta que o que se propón desde a xunta de escola é que se inclúan as catro tecnoloxías do BOE.

O Prof. Arias en canto á intervención do Prof. Legido sinala que as profesións están definidas no BOE e as xuntas de titulación non teñen claro por qué profesións se van decidir, aínda que a nivel nacional se está intentando coordinar a actuación sobre os títulos. Esta é a razón de que eles non teñan decidido a denominación do título.

O vicerreitor de Planificación indica que cando se pon títulos a determinar debe terse en conta que se trata de graos que contemplan os bloques temáticos específicos que se recollen no BOE e que son 5. Cree que isto podería clarexar un pouco o tema para que se entenda que a indefinición está motivada pola consulta que se fixo ao Ministerio e para coñecer que se está facendo en outros centros a nivel nacional.

A vicerreitora de Titulacións en Convergencia Europea sinala que do que se fala é da transformación da oferta actual e o carácter provisorio ven da indefinición das fichas. Hai dúbidas de normativa allea á Universidade de Vigo. Ademais non se coñece que van facer as outras universidades galegas, e o mesmo ocorre a nivel nacional. Non hai dúbidas das profesións senón da denominación dos títulos académicos. Poderían poñerse nomes orientativos e modificalos despois como xa se fixo o ano pasado. Os prazos son curtos e non se pode esperar moito máis para poder chegar á tempo. En relación á intervención da Prof<sup>a</sup>. de Lorenzo, hai tamén normativa da Xunta que impide que un plano de estudos de grao oferte mais de 276 ECTS créditos salvo que se trate da confluencia de varios títulos nun só. Isto é o que ocorre na Escola de Enxeñeiros de Telecomunicación que se ofertarán varios itinerarios.

O reitor recorda que o que se presenta aquí son acordos de ámbito por unanimidade. No caso de que as xuntas de titulación perderan o norte hai varios filtros que van facer que se volva atrás. Como é o Consello de Goberno quen ten que aprobar as propostas, e despois o Consello Galego de Universidades que podería rexeitalas como pasou con algún título presentado pola Universidade de Santiago de Compostela.

O Prof. Legido manifesta que os títulos que se presentan aquí poden ser modificados despois e está de acordo en que a universidade non poña trabas e dificultades aos centros. Pero o Consello de Goberno non pode aprobar isto deste xeito con títulos a determinar, senón que haberá que poñer títulos aínda que sexan orientativos. Entende que isto é non aprobar nada.

O reitor reitera que as xuntas de titulación saben que están transformando títulos e terán en conta toda a información necesaria que irá chegando desde o Ministerio, Xunta e outras universidades. Despois o Consello de Goberno tomará a decisión sobre as propostas presentadas.

Debátese sobre quen aproba os títulos se a xunta de centro ou de titulación e a vicerreitora explica que a competencia a ten a xunta de titulación que nalgúns casos coincidirá coa xunta de centro. Interven o reitor, a vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea e o Prof. Legido.

Recorda o reitor que é o Consello de Goberno, en consonancia co acordo do ámbito de que se trae, a que decide cómo está constituída a xunta de titulación.

O Prof. Vivas sinala que a composición da xunta de titulación está aprobada polas xuntas das dúas Escolas de Enxeñaría Industrial co obxectivo de facer unha proposta consensuada entre as dúas e en aras da operatividade.

A Prof<sup>a</sup>. Suárez entende que o problema pode ser na licenciatura de física, xa que a xunta de centro funciona como xunta de titulación

Debátese de novo e o reitor pide que se deixe traballar ás xuntas de titulación como se fixo antes.

O Prof. Legido vai facer un voto particular en canto considera necesario que quede claro cales son os títulos que se aproban e se despois é necesario modificar que se faga. Vota en contra de que se trate de títulos a determinar.

O Prof. González Piñeiro pregunta se é posible que se traballe noutros títulos distintos.

O reitor contesta que o encargo do Consello de Goberno é o que figura no documento sobre graos, sen prexuízo de que se poidan tratar outros temas de interese no contexto da “rama industrial”.

Procédese a votación da proposta presentada:

- A favor da proposta: 24
- En contra: 6
- Abstencións: 6

Apróbase por maioría.

**Punto 8.** Aprobación, se procede do calendario de tramitación de propostas de grao para a súa implantación no curso 2010-11.

Cédese a palabra á vicerreitora da Titulacións e Convergencia Europea quen expón o calendario de aprobación das propostas de grao para o curso 2010-11 que consta no **anexo II**.

O prof. Legido entende que o calendario é moi preciso. Considera que podería ser que a vicerreitora ou a COAP establecera un calendario axeitado. Sería mellor delegar á vicerreitora o establecemento do calendario.

A vicerreitora alega que a experiencia pon de manifesto que o máis axeitado é ter un calendario porque senón se correría o risco de que determinados plans de estudos que non cheguen a tempo e debe recordarse que en setembro de 2010 xa non poderán matricularse alumnos en titulacións non adaptadas ao EEES. Considera polo tanto máis axeitado que sexa o Consello de Goberno o que aprobe este calendario.

Debátese sobre o calendario entre o Prof. Legido e a vicerreitora.

O Prof. Vidal cree que hai unha presa desmesurada e un plan de estudos é un tema moi serio para querer facelo en dous meses. Haberá que reflexionar sobre o tema e facelo con máis calma. A única solución é que alguén teña nun caixón o plano feito.

O Prof. Pereira ratifica o dito polos profesores Vidal e Legido. Estes títulos son a espinha dorsal da universidade e as presas non son boas compañeiras de viaxe.

A Prof<sup>a</sup>. Suárez considera que vai ser fundamental o punto de planificación docente e xa teñen as memorias do ano pasado e naqueles casos en que hai regulación do Ministerio ao ser profesión regulada xa hai moito traballo feito.

A Prof<sup>a</sup>. Blanco ratifica o que di a Prof<sup>a</sup>. Suárez no sentido de que os títulos que teñen fichas no BOE non teñen tanto traballo coma os outros.

O Prof. Legido alega que non todas son de profesións reguladas, por exemplo, no caso da licenciatura de física. Chama a atención a rixidez do calendario cunha coletilla final que da a posibilidade de cambiar o calendario.

A vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea sinala que se tramitaron o ano pasado 24 propostas de grao e 39 de mestrado e a experiencia amosa que é necesario o calendario. Recorda que o prazo último para matricular alumnos nas titulacións que se extinguen remata en setembro de 2010 e non se pode pensar en que o Ministerio vai prorrogar ese prazo. Hai que contar coa normativa que temos na actualidade. Tamén debe contarse coa existencia de fichas para as profesións reguladas. Polo tanto entende que o calendario é necesario e se conta con todo o apoio técnico xa feito desde o ano pasado e avaliado pola ANECA. Considera que o calendario é realizable e necesario.

O Prof. Vidal sinala que a xunta de titulación non se reuniu nunca e está formada polos dous centros implicados (Escolas de Enxeñaría Industrial) e no teñen sequera determinados os títulos. Non lle parece serio dar só dous meses.



O Prof. Mejuto sinala que parte do traballo xa está feito: o sistema de garantía de calidade, fides, libros brancos de directores e decanos. Ademais se se teñen fichas o traballo é moito menor.

Procédese á votación da proposta presentada:

- Votos a favor da proposta: 26
- Votos en contra: 0
- Abstencións. 8

Apróbase por maioría.

**Punto 9.** Delegación, se procede, na vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea da aprobación dos informes de alegacións e modificacións das memorias en resposta ás propostas de informe de título (de grao e mestrado) remitidas pola ANECA.

Cédese a palabra á vicerreitora da Titulacións e Convergencia Europea quen sinala que una vez recibidos os informes provisionais da ANECA sobre as propostas de grao e mestrado, é necesario facer as alegacións correspondentes e, tendo en conta o procedemento aprobado en Consello de Goberno, habería que pasalos por todos os órganos que interviñeron na aprobación. Debido á premura de tempo, solicita que se delegue nela a remisión das alegacións.

O Prof. Legido alega que efectivamente os prazos son curtos pero sería axeitado que os membros de Consello de Goberno foran informados da situación.

A vicerreitora expón que, de xeito similar ao procedemento xa aprobado para os mestrados pola Comisión de Estudos de Posgrao, se informará posteriormente ao Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento.

**Punto 10.** Aprobación, se procede, da Normativa de recoñecemento de créditos por actividades en titulacións oficiais de grao.

Cédese a palabra á vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes que expón o contido concreto da Normativa recollida no **anexo III** que ven motivada polos dereitos recoñecidos aos alumnos no art. 46.2.i da LOU. Foi informada favorablemente pola Comisión de extensión cultural e estudantes.

O Prof. Muñoz pregunta se se estimou a repercusión real desta normativa. A normativa é para recoñecer créditos optativos, as materias son de 6 créditos e para que sexa efectivo haberá que recoñecer 6.

A vicerreitora de extensión cultural e estudantes resposta que por normativa superior se establece o número de 6 e se o alumno non chega a 6 non poderá aplicarse a unha materia optativa pero se incluírá no Suplemento Europeo ao Título.

O Prof. Muñoz pregunta cómo computa no expediente no caso de recoñecemento de créditos.

A vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes sinala que os créditos se van incorporar ao expediente en todo caso.

A vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea engade que este é un tema no que se está traballando en todas as Universidades porque non hai normativa nin se espera que exista. O que está a funcionar son universidades que están traballando conxuntamente. As galegas teñen formado una comisión para resolver temas de xestión e sinala que haberá materias que non están suxeitas a avaliación e aparecerán como créditos recoñecidos sen nota.

A Prof.<sup>a</sup> Suárez sinala que unha posibilidade é excluílos do cómputo da nota media do expediente.

A vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea sinala que si.

Apróbase por asentimento.

#### **Punto 11.** Modificación, se procede, da Normativa de libre elección.

Cédese a palabra á vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes. A modificación que se propón da normativa de libre elección ten unha dobre motivación:

Por unha banda recoller os mesmos argumentos expostos no punto anterior e estender o recoñecemento académico de certas actividades universitarias tamén aos estudantes das titulacións actuais de licenciatura, enxeñaría, diplomatura ou enxeñaría técnica. A modificación consiste en subscribir para estes estudantes o mesmo recoñecemento establecendo unha equivalencia neste caso de 2 créditos por cada ECTS.

Por outra banda, o programa europeo Erasmus incorporou recentemente unha nova acción destinada a favorecer a mobilidade de estudantes para realizar prácticas en empresas de países europeos promovendo o recoñecemento académico das ditas prácticas. Para poder incorporar aos estudantes da nosa universidade nesta convocatoria, propónse un recoñecemento específico de tres créditos por cada mes de prácticas (ata un máximo de 9) neste programa de prácticas a tempo completo.

O Prof. Vidal pregunta se se van recoñecer dous créditos por cada crédito ECTS e pregunta se un crédito ECTS vai ser equivalente a 10 horas de profesor.

Debátese sobre o tema e o Prof. Muñoz expón a diferenza entre créditos ECTS e os actuais créditos.

O Prof. Vidal non entende como un crédito ECTS se computa como dous créditos actuais.

A vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes alega que do que se trata agora é de recoñecer un dereito recollido na LOU e se trata de facer unha equivalencia exclusivamente para estes efectos e só para isto.

Debátese entre a vicerreitora e o Prof. Vidal.

Apróbase por asentimento.

**Punto 12.** Designación, se procede, do delegado da Universidade de Vigo no Centro Universitario da Defensa.

Cédese a palabra ao reitor quen sinala que, una vez aprobada, en Consello de Goberno e Consello Social, a adscrición do Centro Universitario da Defensa á Universidade de Vigo, é necesario nomear ao Delegado da Universidade no citado centro. De conformidade co previsto no art. 24 do Regulamento de centros adscritos, e tendo en conta o perfil do título, propónse ao Consello de Goberno a D. José Carlos Prado Prado catedrático de organización de empresas.

O Prof. Vidal pregunta cal vai ser o título que se vai impartir no Centro Universitario de Defensa e en que área está integrado o Prof. Prado.

O reitor resposta que o título será de enxeñaría industrial mecánica e o Prof. Prado é enxeñeiro industrial profesor da área de Organización de Empresas.

Apróbase por asentimento.

**Punto 13.** Designación, se procede, de representante no Consello Reitor da Escola Galega de Administración Pública.

Se propón polo reitor á Prof<sup>a</sup>. González Pillado, titular de dereito procesual.

Apróbase por asentimento.

**Punto 14.** Aprobación, se procede, da Convocatoria de axudas de investigación 2009.

Cédese a palabra á vicerreitora de Investigación quen fai un resumo da Convocatoria que consta no **anexo IV**.

Ábrese unha quenda de intervencións.

O Prof. Berrocal sinala que nun Consello de Goberno anterior falouse de que os grupos de referencia e consolidados da Xunta que non poden ter un Contrato-Programa ca Universidade de Vigo por ser este incompatible con este tipo de Axudas da Universidade

puidesen ter unha partida orzamentaria aberta cas mesmas características de flexibilidade de gasto que nos Contratos Programa.

A vicerreitora de Investigación non ve inconveniente en abrir unha partida orzamentaria de tales características e se está a estudar ca Xerencia o modo mais axeitado de facelo. Espera que nunhas semanas estea resolto.

Apróbase por asentimento.

**Punto 15.** Aprobación, ser procede, da Convocatoria de prazas e bolsas de aloxamento para o curso 2009-10.

Cédese a palabra á vicerreitora de Extensión Cultural e Estudiantes se centra nas novidades recollidas na convocatoria do curso 2009-10.

Novidades con respecto á convocatoria anterior son:

1. Acomódase á adaptación das titulacións ao EEES no que toca aos requisitos para solicitar a admisión (estudiantes de 1º e 2º ciclo, pero tamén de grao e posgrao oficiais; estudantes de 3º ciclo do bienio 2008-2010, posto que non comeza bienio novo).
2. Baremos académicos e económicos: non hai modificacións. A puntuación económica fixa 10 soleiras de renda para puntuar de 0 a 1. Para fixar estas soleiras utilizamos como referencia a renda persoal dispoñible definida como a renda familiar da persoa solicitante dividida polo número de membros da unidade familiar, calculada segundo establece o Real Decreto polo que se fixan as soleiras de renda para as axudas ao estudo do Ministerio de Educación para o curso 2009-2010. Como se está á espera da publicación dese Real Decreto se solicita ao Consello de Goberno que delegue na propia vicerreitora para fixar esas soleiras e non ter que traer a convocatoria de novo.
3. Prezos: os das residencias “O Castro” e “As Burgas” soben conforme ao IPC interanual do mes de decembro de 2008 (1'4%), segundo figura no contrato que ten a Universidade de Vigo coa empresa concesionaria.
4. A residencia “A Peregrina” sube o prezo do aloxamento entre 7 e 10 € dependendo do tipo de habitación, e “Alcai” (Allariz) non modifica os prezos.
5. Bolsas: conforme ao pactado cos representantes dos estudantes o ano pasado, aumentase o número de bolsas e mantense a contía: 3 bolsas máis para as de nivel A (destinadas ás rendas máis baixas) e 2 máis para as de nivel B.

O Sr. Varela expón que o contido da convocatoria deixa claro que o número de prazas ofertadas non é suficiente. Insta ao equipo de goberno a sinatura dun convenio coa Xunta para que poida facer fronte ao 10% do alumnado da universidade.

O reitor o fai seu este rogo e sinala que xa estaba tentando buscar unha solución a este tema, en canto se tiveron varias reunión coa Conselleira de Vivenda e manifesta a súa intención de continuar traballando neste sentido co novo goberno autonómico.

Apróbase por asentimento a convocatoria que se contén no **anexo V** e a delegación á vicerreitora nos termos expostos.

**Punto 16.** Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento como Doutor Honoris Causa de D. Takeshi Yasumoto.

Está invitado o Prof. Rodríguez Vázquez, director do Departamento de Química Analítica e Alimentaria, como poñente da concesión do título de doutor honoris causa.

A secretaria xeral expón que se teñen cumpridos todos os requisitos que esixe a normativa e todos os membros de Consello de Goberno teñen a súa disposición a curricula do candidato, así como a memoria xustificativa da súa proposta e as adhesións dos departamentos do ámbito científico e das Facultades de Química, Ciencias do Mar e Bioloxía.

Agradece a boa acollida e o apoio do Consello de Goberno, os decanos e os directores que aceptaron a proposta. Todos os méritos están recollidos na proposta e que a súa vinculación coa universidade lle fai que sexa un candidato axeitado. Reitera o agradecemento ao departamento e ao grupo de investigación.

Apróbase por asentimento.

**Punto 17.** Aprobación, se procede da modificación da Relación de Postos de Traballo do persoal de administración e servizos laboral e funcionario da Universidade de Vigo.

Cédese a palabra á xerente da universidade que expón o contido concreto da modificación da RPT facendo algunhas aclaracións sobre a documentación entregada aos membros de Consello e Goberno.

O Sr. Cebro fala sobre a RPT dos funcionarios e sinala que está aprobada e asinada por el como Presidente da Xunta de Persoal, pero entende que non foi fácil facer unha modificación e mais cando estaba en marcha un concurso. Se aceptou porque se vai entrar na reestruturación, descentralización e na biblioteca. Confía en que o equipo de goberno cunpra, pero ve que non se vai chegar a poder facela polos tempos que se manexan. Sinala que somos a universidade con menos persoal en Biblioteca. A desconcentración e descentralización se di que para xuño, xullo, pero unha negociación de RPT é moi longa e se pide ao equipo que se sente xa a facer a negociación global para non ter os problemas da RPT de 2006, que se acusou de facela cando o equipo de goberno estaba en funcións.

A xerente resposta que o que se trae hoxe é unha modificación puntual e se entrará a negociar a nova RPT proximamente.

O Sr. Cebro sinala que están de acordo con este documento, pero non queren quedarse neste documento e chegar dentro de 6 meses con outro documento; queren remar na mesma dirección e non teñen información neste momento para que non se chegue con presas. E se poñen a disposición da Xerencia para traballar conxuntamente pero a día de hoxe non teñen información.

Apróbase por asentimento.

**Punto 18.** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Protocolo de actuación coas Universidades Autónoma de Madrid, Cantabria, Complutense de Madrid, Extremadura, Granada, Les Iles Balears, Jaume I de Castellón, Murcia, Oviedo, País Vasco, Sevilla e Valencia para levar a cabo conxuntamente a organización e desenvolvemento das ensinanzas conducentes ao título oficial de doutoramento en química teórica e modelización computacional – Convenio marco de colaboración coa Universidade de Montevideo – Convenio marco de colaboración coa Universidade Gastón Dachary – Convenio coas Universidades de Huelva, Extremadura, Algarve, Évora, Beira Interior e Trás-os-Montes e Alto Douro, relativo ao círculo ibérico de economía empresarial (CIBECEM) – Addenda ao convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Innovación e Industria, a Consellería de Cultura e Deporte, a Secretaría Xeral de Comunicación, a Sociedade Anónima de Xestión-Centro de Supercomputación de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a renovación do convenio de creación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 19.** Elección para cubrir unha praza vacante do sector de estudantes na Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado.

Intervén a secretaria xeral para sinalar que non hai candidatos presentados.

**Punto 20.** Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de investigación (1 profesor) e Comisión de planificación e asuntos económicos (1 profesor e 1 membro do Consello Social).

Intervén a Secretaría xeral para sinalar que hai dous candidatos presentados para tres prazas vacantes o que fai innecesaria a votación. Os novos membros das comisións son os seguintes:

- Da Comisión de investigación: a Prof. Arias Sánchez .
- Da Comisión de planificación e asuntos económicos: a Prof<sup>a</sup>. López Díaz. Queda vacante unha praza nesta mesma comisión para cubrir ao representante do Consello Social.

Unha vez incorporado á sesión o vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, se entra agora nos puntos 3, 4 e 5.

**Punto 3.** Aprobación, se procede, da Normativa de permisos e licenzas.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que se trata dunha modificación da actual normativa para licenzas de estudos, e procede a sinalar unicamente as novidades.

En primeiro lugar, no apartado 4 esclárese que a redución da retribución do 20% para permisos de máis de tres meses poderá ser diferente se a licenza depende dun programa oficial de mobilidade que fixe outra porcentaxe.

En segundo lugar, engádesse o apartado 5, no que queda máis aberta a posibilidade de licenzas de estudos sen retribución, que antes quedaban circunscritas ás prórrogas excepcionais para un 2º ano de licenza, reguladas no último apartado.

Finalmente, queda establecido tamén no apartado 5, que tanto en licenzas sen retribución como no caso de que exista financiación externa para tal fin, o departamento poderá solicitar apoio para a substitución do profesor que goce da licenza.

A normativa proposta conta co informe favorable da COAP de 01/04/09.

Apróbase por asentimento.

**Punto 4.** Aprobación, se procede, de prazas a prover mediante concurso de acceso entre acreditados.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que por parte da COAP, reunida o pasado 01/04/09, dáse o informe favorable de dúas solicitudes de prazas de profesor titular de universidade:

Unha praza de profesor titular de universidade na área de Bioquímica e Bioloxía Molecular (060) A profesora contratada doutora Dna. Diana Valverde Pérez acadou acreditación ao corpo de profesores titulares de universidade.

Unha praza de profesor titular de universidade na área de Explotación de Minas (295). Trátase da maioración a PTU dunha praza correspondente ao Programa especial de promoción do ano 2005, que prevía prazas de profesor contratado doutor. A investigadora Ramón y Cajal Dna. Teresa Rivas Brea que remata o seu contrato o próximo 30/11/09, e que foi seleccionada na citada edición do Plan de promoción, acadou acreditación ao corpo de profesores titulares de universidade.

Entende a COAP que a maioración da praza afecta tamén ao dereito da candidata en promoción a cubrir interinamente a mesma se existise un retraso na resolución do concurso, nos mesmos termos descritos na convocatoria do Plan de promoción respecto da praza de PCD.

Esta posibilidade de interinidade a favor do candidato ou candidata en promoción debe tamén establecerse para outras prazas en circunstancias semellantes, en concreto é aplicable na praza de PTU do Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá aprobada no

Consello de Goberno de 12/02/2009 pola promoción dunha investigadora en similares circunstancias (Ana Elina Martínez Insua).

Aclarar que esta precisión de maioración dunha praza de PCD non será necesaria para as prazas derivadas dos Programas especiais de promoción de 2007 e 2008 que xa prevén na convocatoria que a praza poda ser de PTU.

Tamén se propoñen as seguintes prazas de catedrático de universidade de acordo co previsto no apartado B) do acordo de Consello de Goberno de 26/01/08 relativo a **criterios e** procedemento de promoción ao corpo de catedráticos de universidade, por existir nestes casos candidatas acreditadas con tres sexenios:

Area 420 Xenética. Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía (C03). Profesora acreditada: Dna. Paloma Morán Martínez. Informe favorable da COAP de 01/04/09.

Area 280 Estratigrafía. Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do territorio (C10). Profesora acreditada: Dna. Belén Rubio Armesto. Informe favorable da COAP de 16/04/09.

Finalmente a COAP de data 01/04/09 informa favorablemente a saída a concurso de dúas prazas de catedrático de universidade na área de Enxeñaría Telemática (560), neste caso segundo o apartado A) dos criterios reflectidos no acordo de Consello de Goberno mencionado. A área conta con 22 profesores ou profesoras con vinculación permanente dos que un é catedrático polo que o criterio do apartado A) é de aplicación. Os profesores titulares acreditados son D. Luís Anido Rifón e D. Juan José Pazos Arias.

Temos polo tanto un total de 4 prazas de cátedra e dous de titularidade para as que solicitamos aprobación do Consello de Goberno, así como para a cuestión mencionada sobre a posible cobertura da praza de forma interina se as investigadoras en promoción remataran os seus contratos antes de resolverse os concursos.

Apróbase por asentimento.

**Punto 5.** Aprobación, se procede, do encargo de docencia para o curso 2009-10.

Teñen sido invitados como interesados as direccións ou decanatos afectados polas reclamacións do encargo presentadas e que non son membros do Consello de Goberno.

- Sr. Director da E.S. de Enxeñaría Informática, D. Enrique Barreiro Alonso.
- Sr. Director do Departamento de Tecnoloxía Electrónica, D. Alfonso Lago Ferreiro.
- Sr. Director do Departamento de Informática, D. Jacinto González Dacosta.
- Sr. Director do Departamento de Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente, D. Javier Taboada Castro.
- Sr. Director do Departamento de Física Aplicada, D. José Peleteiro Salgado.
- Sra. Directora do Departamento de Organización de Empresas e Marketing, Dna. Mercedes Vila Alonso.



Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen expón que na documentación que teñen os membros de Consello de Goberno consta a proposta da COAP que tratou este tema en tres reunións sucesivas de 04/03/09, 01/04/09 e 16/04/09. A documentación consta de tres partes:

En primeiro lugar o encargo de materias troncais obrigatorias e optativas das actuais titulacións de licenciatura, diplomatura, enxeñaría e enxeñaría técnica. Respecto deste apartado fai as seguintes consideracións:

- ✓ Para as titulacións que se substitúen por outras de grao non se incorpora o encargo de primeiro curso, que inicia a súa extinción.
- ✓ Está aínda pendente o encargo da Facultade de Belas Artes que solicitou unha demora polas peculiaridades da implantación en bloque do grao e a necesidade de establecer vinculacións de materias da licenciatura que requiren ser revisadas.
- ✓ Tamén está pendente a revisión do encargo de xestión e administración pública, que podería verse afectado pola implantación en bloque do grao que substitúe a esta titulación. Comentaranse posteriormente algúns detalles deste caso.
- ✓ O encargo proposto polos centros foi o mesmo que no curso pasado agás tres cambios de área de materias propostos polos centros que están sinalados na documentación e que cita a continuación.
- ✓ Nas titulacións de física e traballo social a COAP informa desfavorablemente acerca de ditas propostas de cambio de área porque implican asignar docencia a áreas que non teñen capacidade docente suficiente no campus de Ourense, mentres que as áreas que viñan impartindo as materias si que a teñen. Polo tanto para estes dous casos a proposta reflectida na documentación é a mesma área que no ano pasado.
- ✓ Na titulación de enxeñaría técnica forestal a COAP propón manter a proposta da Xunta de Escola unha vez revisada a documentación remitida polo centro e as alegacións remitidas polo Departamento de Deseño na Enxeñaría. A materia é expresión gráfica e cartografía, que pasaría da área 305 (Expresión Gráfica na Enxeñaría) á área 505 (Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría). A COAP realizou as seguintes consideracións para motivar o seu informe favorable á proposta do centro:
  - Non poñer en dúbida as capacidades do profesorado dunha ou outra área para impartir a docencia.
  - As necesidades de contratación na área 505 serán menores que as que implicou o encargo do ano pasado tras a xubilación do profesor que impartiu a docencia ata o curso 2007-08.
  - A consecuencia para o profesor do departamento T01 sería o retorno ao campus de Vigo, que era a mesma situación de fai un ano, xa que o profesor que viña impartindo anteriormente a materia xubilouse fai un ano.

En segundo lugar o encargo de materias específicas de libre elección. Tomouse como referencia o listado do ano pasado e a COAP fai unha proposta baseada nas propostas dos centros, se ben propón a supresión de algunhas materias pola baixa matrícula. Lémbrese que as materias sinaladas como libre elección de calidade corresponden a un programa complementario baseado na ampla capacidade docente das áreas, polo que a súa aprobación definitiva debería quedar condicionada á verificación pola COAP da existencia de folgura docente. Na documentación constan todas as incidencias, e reservase para a quenda de preguntas facer as aclaracións que foran necesarias.

En terceiro lugar aparece o encargo de materias dos novos títulos de grao, respecto do cal pasa a comentar algunhas cuestións:

- ✓ Entregáronse á entrada unhas follas que corríxen as enviadas anteriormente con algúns erros detectados ou con modificacións introducidas pola última COAP de 16/04/09 data posterior ao envío da documentación deste Consello de Goberno.
- ✓ O encargo ten o mesmo formato que para as outras materias antes revisadas salvo que o destinatario do mesmo é o departamento sen especificar a área de coñecemento.
- ✓ A distribución de créditos A, B, C, significa decenas de horas de profesorado en grupo grande, intermedio ou reducido en consonancia co acordo de Consello de Goberno de data 11/06/2008. É necesario este ano utilizar esta medida pola utilización da aplicación de POD actual. É de esperar que no futuro pasen a utilizarse horas de profesorado directamente.
- ✓ Está pendente unha revisión final dos nomes en galego das materias polos centros, xa que a información oficial das memorias consta en castelán.
- ✓ Está aínda pendente a proposta do grao de belas artes polas dificultades que antes mencionada e que no título de grao se complican máis aínda pola multidisciplinaria de moitas materias.
- ✓ En xeral a maioría das titulacións implantan só o primeiro curso. Existen dúas excepcións que comenta.
- ✓ O grao en fisioterapia implanta en bloque os catro cursos. O centro presentou un plan de viabilidade que contou co informe favorable da COAP. O plan inclúe un amplo cadro de vinculacións de materias da diplomatura, de xeito que o custo engadido de manter a docencia na diplomatura é moi reducido. As enquisas dos estudantes mostran un interese importante en mudar ao grao.
- ✓ O grao en dirección e xestión pública tamén tiña en estudo a posibilidade de implantación de máis dun curso pola alta demanda dos estudantes. O proceso dificultouse polas vicisitudes do relevo no equipo decanal. Hoxe presentamos un plan de implantación en bloque dos catro cursos que aínda está pendente de algúns detalles pero que conta co informe favorable da COAP no referente á carga de profesorado.

- O plan inclúe unha táboa de vinculacións de materias da diplomatura coas do grao, o que implica modificación de cuatrimestres de algunhas materias da diplomatura para facer posible esta vinculación. En algúns casos requírese un cambio de distribución de créditos A, P, L para montar grupos de reforzo cando a vinculación é só parcial. Isto está incluído na documentación entregada hoxe, aínda que queda pendente dunha revisión técnica polo centro.
  - O plan de implantación, para facer posible a viabilidade, incorpora, aparte destas vinculacións descritas, unha estrutura de grupos docentes que vai de menos a máis, conforme avanza á implantación do mesmo xeito que ocorre coa oferta de materias optativas.
  - Está tamén pendente a realización formal da enquisa de alumnado, aínda que todos os indicios mostran un interese case total dos estudantes. Tamén queda pendente un estudo de espazos docentes.
  - Está pendente o encargo a departamentos dos cursos 2º, 3º e 4º. O novo equipo sinalou que esta mesma semana tería lugar a Xunta de Facultade para tal fin.
- ✓ Para os casos de implantación en bloque expónse a incorporación do recoñecemento dos traballos de fin de grao no seguinte curso debido as incertezas sobre o número de estudantes e ao esforzo que xa supón a propia implantación de 4 cursos. Antes do seguinte POD esta vicerreitoría comprométese a facer propostas sobre a incorporación no POD do esforzo dos traballos de fin de grao.
  - ✓ Finalmente indica que se presentaron dúas reclamacións acerca do encargo de materias do grao en enxeñaría informática.
    - Presentouse reclamación do Departamento de Organización de Empresas e Marketing pola asignación da materia “empresa: fundamentos de organización e xestión empresarial” ao Departamento de Informática. A COAP na súa reunión do 01/04/09 decidiu solicitar aos dous departamentos unha memoria sobre a adecuación do seu profesorado. Na reunión do 16/04/09, a COAP, tras considerar que os dous departamentos mostran ter profesorado con capacidade suficiente, informa a favor de manter a proposta do centro.
    - Presentouse con posterioridade reclamación do Departamento de Tecnoloxía Electrónica pola asignación da materia “física: sistemas dixitais” ao Departamento de Física Aplicada. A COAP tivo esta reclamación por primeira vez na súa última reunión de 16/04/09 e acordou solicitar aos departamentos memoria de adecuación do seu profesorado. Non obstante, a proposta da COAP para este Consello de Goberno é aceptar provisionalmente o encargo do centro.
  - ✓ Recibiuse hoxe mesmo unha corrección dun erro detectado polo centro na documentación para o encargo da materia do grao en relacións laborais e recursos humanos. Trátase da materia “historia das relacións laborais no mundo

contemporáneo” que debe ser encargada ao Departamento H05 (Historia Arte e Xeografía) e non ao X05 (Didácticas especiais) como figura na documentación.

Este punto de encargo de docencia inclúe tamén a habitual delegación expresa na COAP para continuar o resto de proceso ata a aprobación dos POD's dos departamentos.

Debido á complexidade do proceso, solicita engadir algunha delegación máis:

- ✓ Cambios de cuadrimestre.
- ✓ Axuste técnico das horas A, B e C nos graos, se fose necesario, dado que poderían xurdir dificultades ou imprevistos que se detecten cando os centros fagan os horarios.
- ✓ Revisión dos nomes exactos das materias do grao.
- ✓ Envío aos departamentos dun encargo provisorio da Facultade de Belas Artes e o mesmo para o que resta do encargo da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. Deste xeito os departamentos poderían traballar o POD aínda que formalmente o encargo sería presentado no seguinte Consello de Goberno.

Ábrese unha quenda de intervencións:

O Prof. Pereira quen como director do Departamento de Deseño na Enxeñaría, en relación á materia expresión gráfica e cartografía quere manifestar que o centro (Enxeñaría Forestal) foi moi pouco elegante na súa actuación. Non quere rebater aquí punto por punto as alegacións do centro para o cambio de adscrición da materia, pero entende que se podería facer unha reunión coas partes implicadas para resolver esta situación e deixar sen resolver esta asignación de docencia. Considera que é urxente establecer unha normativa que regule estas situacións.

O Prof. Lago, Director do Departamento de Tecnoloxía Electrónica, en relación ao cambio de adscrición da materia física: sistemas dixitais, procede á lectura dun escrito dirixido aos departamentos onde se lles require para que indiquen que materias solicitan e por tanto impartirían, motivando a petición tendo en conta os profesores de que dispón o departamento. Fronte a isto, na Xunta de centro (Enxeñaría Informática) se acorda a asignación da materia ao Departamento de Física Aplicada, aínda que o mesmo non fixo ningunha petición ao respecto. Pregunta como é posible que se cambie a adscrición cando non hai queixas presentadas contra o profesor que imparte a materia. Por iso fala da coherencia académica de acordo co establecido na memoria de grao e cunha especial atención ao contido da ficha de materia de que se trata. Tamén en relación ao profesorado, sinala que o profesor que impartía a materia participou na Xunta de Titulación e foi quen aportou o contido concreto da ficha, ademais de ser valorado todos os anos positivamente. O profesor non está acreditado como contratado doutor polo momento pero lle falta pouco e espera que proximamente se acredite. Polo tanto, habería un profesor sen docencia.

Finalmente fai unha reflexión: ¿para que serve o traballo da Xunta de Titulación cando despois se encarga una materia distinta da que correspondería ao perfil do profesor?. Por iso, pide ao Consello de Goberno que faga unha reflexión sobre esta situación.

A Prof<sup>ª</sup>. Vila, como Directora do Departamento de Organización de Empresas e Marketing, expresa a súa queixa polo cambio de adscrición da materia “empresa: fundamentos de organización e xestión empresarial” porque a materia se viña impartindo no departamento desde sempre e agora se asigna a unha área de informática cando se presentaban dous contratados doutores cualificados para impartila e calquera dos outros profesores do campus tamén poderían facelo. Se pregunta porqué se asigna a outro departamento que nin sequera pertence ao ámbito xurídico-social.

A Prof<sup>ª</sup>. González Vázquez parécelle impresentable que o vicerreitor de Organización Académica e Profesorado teña aceptado esta proposta da Escola de Informática, pero, antes de facer máis intervencións, quere saber os argumentos do director da Escola para o cambio de adscrición.

O Prof. Ortiz, como director da Escola de Enxeñeiros Forestais, sobre o cambio da materia expresión gráfica e cartografía, sinala que a mesma debe adscribirse ao Departamento de Enxeñaría Cartográfica porque a expresión gráfica e a cartografía son complementarias e porque cada vez terá máis importancia na titulación. Utiliza despois outros argumentos sobre o profesorado que impartiu a materia durante estes anos e a necesidade de ofertar cursos de libre elección para completar a formación dos alumnos na materia que non se impartía axeitadamente. Alega que non se trata de utilizar a baixa de ninguén senón de resolver un problema existente desde fai tempo ano na escola.

O Prof. Barreiro, como director da Escola de Enxeñaría Informática, sinala que o equipo non propuxo ningún cambio de adscrición de materias e que se trata dun tema dos departamentos. O proceso de elaboración do plan de estudos foi público porque se publicaban os acordos nunha web pública e sen acordos previos de asignación de docencia entre departamentos. O plan foi aprobado en tres fases rematando coa proposta final, cun traballo serio e organizado con participación de todos os profesores do centro, pero a participación dos departamentos non implicaba a adscrición a un departamento e cando se fala de adscrición é agora. É dicir quen participou na elaboración do plan sabía que non tiña necesariamente quen impartir a materia.

No relativo á materia de “física: sistemas dixitais” non chegou escrito de petición do departamento senón dunha comisión docente da área e entende que se o departamento non o quería, así o diría. Recorda que a titulación non é a mesma, se trata non de informática de xestión, senón de enxeñaría informática, polo tanto, no é un cambio de adscrición, porque a titulación é outra. Sinala tamén que nos anos que ten a escola, o departamento nunca coidou ao profesorado para que asignara a docencia no centro. O que amosa pouco interese.

O mesmo di en relación á materia de “empresa: fundamentos de organización e xestión empresarial” tamén debe terse en conta que o seu departamento non imparte todas as materias sobre calquera tema relacionado coa informática.

O Prof. Pereira non quere entrar nunha dialéctica co Director da Escola de Enxeñaría Forestal pero rexeita os argumentos sobre a mala impartición da materia.

O Prof. Lago en relación ao feito de que sexa a Comisión docente da área a que solicita a materia, entende que isto debería ir ratificado polo director do departamento e mais neste momento onde non existen asignacións de materias a áreas. Non pode falar de cando non foi director pero neste momento sinala que o profesor responsable da materia está acreditado como axudante doutor, o que supón unha praza a tempo completo e cando se acredite como contratado doutor será unha praza indefinida.

A Prof<sup>a</sup>. Vila alega que aínda que o director da Escola de Enxeñaría Informática sinala que é grado novo pero a materia é igual. Pregunta porque unha comisión non procede a revisar os currículos.

A Prof<sup>a</sup>. Garrido intervén por alusións e sinala que o Departamento de Economía Financeira tamén solicitou esta materia por coherencia cos contidos, e sobre todo polas conversas mantidas co director da Escola de Enxeñaría Informática que sinalou a importancia do contido financeiro. Nesta situación manifesta o seu acordo coa petición da Prof<sup>a</sup>. Vila tendo en conta a coherencia de contido.

O Prof. Ortiz sinala que existen actas da Xunta de Escola onde se pon de manifesto o malestar sobre a forma de impartición da materia e reitera os argumentos xa expostos sobre o cambio de adscrición.

O Prof. Pereira engade que o profesor que imparte a materia se viu prexudicado e no se lle preguntou nada.

A Sra. Carmen Susana, fala do campus de Ourense e di que non hai queixas sobre a forma de impartir a materia de sistemas dixitais pero o que sorprende agora é todo o lío tendo en conta que o importante son os alumnos. E que entende que isto ten que resolverse a nivel de Reitoría.

O reitor intervén para sinalar que normativamente o procedemento é que son os centros os que fan o encargo de docencia.

A Prof<sup>a</sup>. González, entende que é unha falta de ética por parte do director da Escola de Enxeñaría Informática o cambio de adscrición porque ao seu departamento non se lle tivo en conta; e engade que o seu departamento non imparte materias propias dos departamentos de informática. Reitera que son os expertos os que deben impartir as materias.

O Prof. Barreiro sinala que non se pode falar de vinganza na toma da decisión sobre o cambio de adscrición e reitera que o descriptor da materia se fixo na correspondente comisión.

O vicerreitor, como comentario xeral sinala que o encargo docente é aprobado polo Consello de Goberno a proposta das Xuntas de Centro tras so informe da COAP. En caso dunha reclamación a COAP se estuda modificar a proposta do centro so en caso de atopar un argumento claro que puxera en cuestión a viabilidade da adscrición proposta. Neste sentido a COAP ten actuado en dúas propostas de cambio de área por criterios obxectivos. Pero non

correspondía á COAP a selección do departamento de adscrición se non só valorar a viabilidade da proposta dos centros

No Departamento T01 á vista dos escritos presentados, a COAP detectou un gran desencontro entre a postura do centro e o departamento. Tendo en conta que o profesor actual só levaba alí un ano, a COAP entendeu que o cambio de área proposto polo centro era una solución prudente. Por outra parte, as necesidades de contratación no T01 serían maiores que no T06.

A Vicerreitoría móstrase aberta neste caso e noutros a mediar para acadar un acordo se existe vontade polas partes, sexa cal sexa a decisión deste Consello de Goberno, tendo en conta que se hai un acordo noutro sentido podería traerse ao seguinte Consello de Goberno.

No que respecta ao Departamento T11, acerca de que o Departamento T08 non solicitou a materia, recórdase que a COAP ten pedido á dirección do departamento unha memoria de adecuación que será necesaria para que a proposta provisional se eleve a definitiva. Por isto, non poderá ocorrer que a materia quede orfa de profesorado.

A situación da área de Tecnoloxía Electrónica en Ourense é dun profesor PP2 recen acreditado a axudante doutor que tería unha docencia de 15 créditos en outra materia da área. A materia en cuestión tería una carga duns 17 créditos e sería necesaria contratación, toda vez que remata o contrato dun axudante de 5º ano. O manifestado acerca de que a universidade fomentará un profesor sen docencia non se da neste caso. De darse esa situación, tería sido un elemento diferente de valoración para a COAP, como ten ocorrido noutros casos.

O suposto que afecta ao Departamento X09, é o mais complexo ao tratarse non dun só profesor da área no campus, se non de dous amplos cadros de persoal. Neste caso o criterio da COAP leva ao límite o sinalado ao principio. A COAP non pretendeu a selección dun dos dous departamentos en función dunha comparación dos curricula do profesorado sinalado coma se fose un concurso para unha praza. Só se verificou que a memoria do departamento proposto polo centro ofrecía garantías suficientes para cubrir a docencia e algunha eventualidade, xa que non se indicaba un só profesor senón varios. Púxose de manifesto que ambas propostas serían axeitadas, pero a COAP ratifica a do centro.

O reitor reflexiona que pensando en todo o que se está resolvendo hoxe só hai tres reclamacións sobre tres materias o que supón que se ten feito todo bastante ben.

Procédese á votación do encargo de docencia:

- Votos a favor: 21.
- Votos en contra: 8
- Abstencións: 4.

Se solicita que conste en acta o voto en contra do Prof. Pereira.

Apróbase por maioría o encargo de docencia que se recolle no **anexo VI** así como as delegacións nos termos expostos.

**Punto 21.** Rogos e preguntas.

O Prof. Muñoz sinala que no punto anterior estaba en debate unha materia determinada e un profesor determinado para impartila, o que pon de manifesto que seguimos con estruturas LRU, con profesores e departamentos que creen que as materias son súas. Debe recordarse que existe un sistema de garantía de calidade do centro e as titulacións ten que ser avaliadas aos seis anos. Pide que se abra un debate sobre o tema. Os centros son os que teñen que ser avaliados e, polo tanto, teñen que ter todo o control do proceso. Solicita que se revise que os departamentos son os que asignan docencia.

O Sr. Puga en relación ás bolsas comedor e a web da universidade, pregunta como buscar isto na web, porque os alumnos preguntan onde está a información. Solicita que na próxima web as bolsas estean máis ordenadas. Pregunta que pasa co correo electrónico porque se está dificultando a comunicación entre os alumnos con devolución de correos.

A xerente contesta que preguntará que ocorre e se existen dificultades técnicas co correo electrónico. En relación á visualización das bolsas na web, tratará de buscar a fórmula para que o enlace sexa máis visible.

A Prof<sup>a</sup>. Suárez roga que non poda estar desatendida a secretaría dun decanato por máis de 7 días.

A xerente sinala que tradicionalmente na cobertura das baixas se deixaba un prazo de 15 días para cubrir a mesma, pero agora se está tentando a cobertura antes sobre todo en determinados lugares con tarefas que requiren unha continuación axeitada.

O Sr. Varela pregunta como está o estudo do fraccionamento do pago das taxas.

A xerente sinala que non hai dificultades técnicas e agora se adoptarán as medidas oportunas para falo efectivo.

O Prof. Vidal pide que se aclare o acordo do Consello de Goberno sobre xubilación anticipada para que os profesores poidan adoptar as decisións axeitadas con todas as garantías legais unha vez que se teñan aclarado os termos da norma.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado alega que ten pendente unha reunión co servizo de PDI para aclarar e poder informar o antes posible aos profesores. Incluso, se podería ampliar o prazo, se é necesario, unha vez aclarados os termos concretos para non prexudicar a ninguén.

O vicerreitor de Planificación contesta en relación a dúas preguntas do anterior Consello de Goberno: unha en relación á tarxeta universitaria, sinalando que non existe ningún problema coa mesma, pese a todo, puxo unha dirección para que se fagan as reclamacións correspondentes. En canto á apertura nocturna das bibliotecas e a posibilidade



de dar préstamo nocturno é un problema de: ferramenta informática (millenium de Bugalicia, que non prevé préstamo nocturno) e tamén de normativa interna.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:35 horas do día 20 de abril de 2009 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e praxe do reitor



O reitor

Alberto Gago Rodríguez



A secretaria xeral

Esther M<sup>a</sup>. González Pillado